

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 5 de outubro de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D. David Regades Fernández
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez
D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día cinco de outubro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1019).- ACTA ANTERIOR. Apróbbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 21 de setembro e extraordinaria e urxente do 27 de setembro de 2017 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1020).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SUBMINISTROS PARA RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓN DE AQS DO PAVILLÓN DA ETEA, A CONEXIÓN A PANEIS SOLARES E O SEU MANTEMENTO DURANTE O PRAZO DE GARANTÍA. EXPTE. 1229/611.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta asinada pola secretaria da Mesa de Contratación con data 29/09/17, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 28 de setembro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de renovación das instalacións de produción de auga quente sanitaria (AQS) do pavillón da Etea, a conexión aos paneis solares existentes e o seu mantemento durante o prazo de garantía (1.229-611)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración da única proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto para a contratación do subministro de renovación das instalacións de produción de auga quente sanitaria (AQS) do pavillón da Etea, a conexión aos paneis solares existentes e o seu mantemento durante o prazo de garantía (1.229-611) na seguinte orde descendente:

	LICITADOR	TOTAL
1	COSTAS Y OTERO, S.L.	100

Segundo.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, COSTAS Y OTERO, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP), por ter presentado xa parte desta no Sobre A “*Documentación persoal*” (artigo 53.1d) da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar (de data actual).
2. Certificación de estar ao corrente nas súas obrigas tributarias coa Xunta de Galicia.
3. A documentación esixida na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requiritr ao citado licitador o aboamento de 993,35 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

3(1021).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA GARCÍA LORCA. EXPTE. 4486/440.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta asinada pola secretaria da Mesa de Contratación con data 2/10/17, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 2 de outubro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa García Lorca (4.486-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos o 26 de setembro de 2017:

1. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
2. S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa García Lorca (4.486-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	ORECO, S.A.	94,59
2	C.D. INDEPO, S.L.	92,12
3	CIVIS GLOBAL, S.L.	91,75
4	AVAN INTEGRAL, S.L.	90,81
5	HIDROMIÑO, S.L.	90,19
6	CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	89,20
7	EXTRACO, S.A.	88,99
8	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	88,85
9	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	88,72
10	MISTURAS, S.A.	88,50
11	UTE PRACE-COPSESA	88,37
12	UTE DRAGADOS, S.A. - EXCAVACIONES Y TRANSPORTES BC, S.L.	88,31
13	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.	86,80
14	HORDESCON, S.L.	86,45
15	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	85,98
16	NAROM, S.L.	85,52

	Licitadores	Puntuación
17	UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.A.	82,85
18	COPCISA, S.A.	82,17
19	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	82,03
20	CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.	81,36
21	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	79,61
22	ORESA, S.L.	76,93
23	LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	73,75
24	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	72,61
25	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.	71,27

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 991,30 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

4(1022).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE ÁRBORES, ARBUSTOS E PLANTA DE TEMPADA. EXPTE. 9309/446.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta asinada pola secretaria da Mesa de Contratación con data 2/10/17, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 2 de outubro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de árbores, arbustos e planta de tempada (9.309-446)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de árbores, arbustos e planta de tempada (9.309-446) na seguinte orde descendente:

Licitadores	Puntuación
JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA	98,71
PLANTAS DE LEVANTE, S.L.	96,02
CALFENSA PROYECTOS, S.L.	84,03
VIVEROS O PIÑEIRO, S.L.	3,58

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, D. JESÚS GUTIÉRREZ SIERRA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 1.004,28 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

5(1023).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE BANCOS. EXPTE. 9329/446.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta asinada pola secretaria da Mesa de Contratación con data 2/10/17, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 2 de outubro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de bancos (9.329-446)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de bancos (9.329-446) na seguinte orde descendente:

Licitadores	Puntuación
NOVATILU, S.L.U.	100
GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.	64,03

Cuarto.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, NOVATILU, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Quinto.- Requirit ao citado licitador o aboamento de 993,35 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

6(1024).- DAR CONTA DA RENUNCIA DUNHA BENEFICIARIA Á BOLSA DE INGLÉS “CONCELLO DE VIGO” PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO DO ALUMNADO DA EOIV- ANO 2017. EXPTE. 18421/332.

Dáse conta do informe-proposta do 28/09/17, asinado polo técnico medio de Actividades Culturais e Educativas, a xefa do servizo de Educación, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 23 de Marzo de 2017, adoptou o seguinte acordo: “Adxudicación e denegación das Bolsas “Concello de Vigo” para estancias lingüísticas no estranxeiro para alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo, ano 2017. (Expte 18412/332)”.

En virtude, deste acordó adoitado polo goberno municipal, a alumna da EOIV Rosa M^a Iglesias Cabaleiro (NIF 36104034-Z), figura como bolsera directa de lingua inglesa, co nº de expte (IN-038) e cunha puntuación total asignada de 7,00.

A base décimo segunda da devandita convocatoria no seu apartado de “aceptación da axuda”, recolle que o alumnado beneficiario das bolsas deberá presentar asinado no Servizo de Educación do Concello de Vigo, unha aceptación ou renuncia expresa da bolsa segundo modelo do Anexo III nun prazo de dez días, contados a partires do día seguinte ao da súa

notificación ás persoas beneficiarias ou da data da publicación na páxina web municipal da concesión das bolsas.

Requerida a documentación citada na base décimo segunda, de todos e cada un dos 82 beneficiarios/as propostos das bolsas “Concello de Vigo”, resulta que Rosa M^a Iglesias Cabaleiro (NIF 36104034-Z), aceptou expresamente a bolsa de lingua inglesa, coa presentación positiva do anexo III. A documentación citada anteriormente pasou a incorporarse ao seu respectivo expediente interno (IN-038) destas bolsas municipais, que figura arquivado nas dependencias do Servizo de Educación, como órgano xestor da referida iniciativa municipal.

Rosa M^a Iglesias Cabaleiro (NIF 36104034-Z), presenta a través do rexistro xeral do Concello en data 31/08/2017 co nº de doc 170119332, escrito de renuncia voluntaria ao desfrute da bolsa de lingua inglesa motivada por razóns médicas o que acredita documentalmente co pertinente informe médico, e que a súa vez ten producido as modificacións recollidas a continuación e que implican alteración do compromiso económico adoitado polo órgano competente:

- A bolsa directa de lingua inglesa, Rosa M^a Iglesias Cabaleiro (expte. IN-038) co DNI 36104034-Z e puntuación asignada de 7,00 puntos, ten presentado a renuncia voluntaria ao desfrute da bolsa de inglés achegando a documentación acreditativa para elo, e dada a ausencia de lista de agarda neste idioma esta renuncia voluntaria non pode ser cuberta e ocupada por ningún integrante da lista de agarda de idioma inglés (Londres).

Verificadas e acreditadas documentalmente a casuística particular anteriormente exposta, resulta o seguinte:

A BOLSEIRA PROPOSTA PARA O IDIOMA DE INGLÉS (LONDRES) QUE PRESENTA A SÚA RENUNCIA, É A SEGUINTE:

EXPTE	APELIDOS ALUMNO/A	NOME ALUMNO/A	NIF ALUMNO/A	PUNTOS
IN-038	Iglesias Cabaleiro	Rosa M ^a	36104034-Z	7,00

Continuando o proceso, e segundo recolle a base novena “criterios de valoración” da convocatoria, que indica que para o caso de que unha vez adxudicadas as prazas, existan prazas vacantes por renuncia, éstas serán ofertadas ao alumnado en lista de agarda por chamamento directo, de conformidade coa orde establecida polo resultado da aplicación dos criterios de baremación; e dada a ausencia de lista de agarda no idioma de inglés, esta renuncia voluntaria non pode ser cuberta e ocupada por ningún integrante da lista de agarda do mencionado idioma.

Consonte ao anteriormente exposto, é obxecto do presente informe dar conta da renuncia voluntaria que se ten producido nos beneficiarios/as das bolsas “Concello de Vigo” para alumnado da EOIV ano 2017, a cal implica modificación do compromiso económico adoitado polo órgano competente.

Por elo, **proponse** á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

1. Dar conta da renuncia voluntaria ao desfrute da bolsa “Concello de Vigo”, da beneficiaria de inglés, Rosa M^a Iglesias Cabaleiro co DNI 36104034-Z , que dada a ausencia de lista de agarda de inglés non implica incorporación doutro/a beneficiario/a, e en consecuencia, aprobar a anulación do documento contable AD 201700034152 por importe de 1.700.-€ para pago de custe da beca municipal

“Concello de Vigo 2017” para estancia lingüística no estranxeiro (Londres), outorgada a favor de Rosa M^a Iglesias Cabaleiro.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

7(1025).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVICIOS AUXILIARES NECESARIOS PARA O FUNCIONAMENTO DUN AULA DE ESTUDO SITA NO EDIFICIO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS. EXPTE. 18664/332.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta asinada pola secretaria da Mesa de Contratación con data 2/10/17, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 2 de outubro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

d) Procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudo sita no edificio auditorio-pazo de congresos (18.664-332)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2^a TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte os informes asinados pola xefa do Servizo de Educación o 29 de agosto e 18 de setembro de 2017:

- EULEN CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, S.A.
- EVENTOS Y SERVICIOS NORTE, S.L.
- INTEGRAXSI CEE, S.L.
- SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.L. (SAMYL)

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dun aula de estudo sita no edificio auditorio-pazo de congresos (18.664-332) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	SERVICIOS SECURITAS, S.A.	94,93
2	MANTELNOR OUTSOURCING, S.L.	87,42
3	PONTE DAS DONAS	87,00

4	ESC SERVICIOS GENERALES, S.L.	84,50
5	VALORIZA FACILITIES, S.A.U.	81,97
6	ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U.	76,04
7	ATLAS SERVICIOS EMPRESARIALES, S.A.	73,58

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS SECURITAS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 1.090,26 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

8(1026).- RECOÑECEMENTO DOS DEREITOS ECONÓMICOS POLA ASISTENCIA A TRIBUNAIS DE SELECCIÓN BENEFICIARIOS/AS DA SEGUNDA QUENDA DO PROGRAMA VIGO EMPREGA DO ANO 2017. Expte. 14426/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 21/09/17 e o informe de fiscalización do 26/09/17, dáse conta do informe-proposta de data 5/10/17, asinado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, o concelleiro-delegado de Emprego e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes:

- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 20 de xaneiro de 2017, adoptou o acordo, de aprobar a CONVOCATORIA E BASES PARA A SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PROGRAMA VIGO EMPREGA – 1º QUENDA 2017. EXPTE. 13720/77.
- Na base 11 “COMISIÓN DE SELECCIÓN”
 - ...
 - *A Comisión de selección contará co asesoramento técnico do persoal funcionario do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego que estime necesario. Os membros da comisión de selección e os seus asesores especialistas, percibirán como resultado da súa participación na mesma, as dietas que a normativa en vigor establece.*

- *Tódolos membros da Comisión de Selección serán nomeados polo Concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación cos Sindicatos cos titulares e suplentes correspondentes, con titulación igual ou superior a do posto ofertado, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Estatuto Básico do Empregado Público.*
- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 29 de xuño de 2017, adoptou o acordo de CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN DE PERSOAL, DENTRO DO PROGRAMA "VIGO EMPREGA" 2017 (2ª QUENDA). EXPTE. 14097/77, nas que mantíña as bases de convocatoria que regularán o procedemento de selecciónson as aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 02 de decembro de 2016, co número de expediente:13602/77.
- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 10 de agosto de 2017, adoptou o acordo de aprobar as seguintes Comisións de Selección de beneficiarios/as do programa "Vigo emprega" 2ª quenda 2017. EXPTE. 14097/77
 - Aprobar as seguintes Comisións de Selección de beneficiarios/as do programa "Vigo emprega" 2ª quenda 2017:
 - **Comisión 1: Selección de Peóns.**
 - Presidente Francisco J. Gutierrez Orúe
 - Suplente Ramón Vázquez Martínez
 - Secretario/a Purificación Bernardez Martínez
 - Suplente Lucía Trillo Martín-Pinillos
 - Vogais Francisco José García Soto
 - Jose Antonio Comesaña Davila
 - Enrique Alonso Rodríguez
 - Suplentes Hector Conde Lorenzo
 - Primitivo Calles Santos
 - Concepción Cousiño Sendín
 - Ricardo Soler Vidal
 - **Comisión 2: Selección de Oficiais de oficios.**
 - Presidente Alfonso Berros Pérez
 - Suplente Francisco J. Gutierrez Orúe
 - Secretario/a Lucía Trillo Martín-Pinillos
 - Suplente Purificación Bernardez Martínez
 - Vogais Francisco José García Soto
 - Jose Antonio Comesaña Davila
 - Guillermo Lorenzo Carrera
 - Suplentes Hector Conde Lorenzo
 - Primitivo Calles Santos
 - Jose Antonio González Seijo
 - Ricardo Soler Vidal
 - **Comisión 3: Selección de Capataces**
 - Presidente Alfonso Conde Rodríguez

- Suplente Francisco J. Gutierrez Orúe
 - Secretario/a Lucio Varela Borreguero
 - Suplente Purificación Bernardez Martínez
 - Vogais Jose Ramón Seijas Álvarez
 - Roberto de la Iglesia Hernández
 - Javier Bea Puentes
 - Suplentes Ramón Vázquez Martínez
 - Roberto Mariño Sanromán
 - Alfonso Alonso Rodríguez
- **Comisión 4: Selección de persoal técnico administrativo (Aux. Administrativo, Aux. Delineación, Aux. Topógrafo e Técnico Prevención de Riscos Laborais)**
- Presidente Francisco J. Gutierrez Orúe
 - Suplente Rosa M^a Otero Malvárez
 - Secretario/a Secundino Otero Failde
 - Suplente Lucía Trillo Martín-Pinillos
 - Vogais Iolanda Alonso Regueiro
 - Roberto de la Iglesia Hernández
 - Rosa Nuñez García
 - Suplentes Jose Antonio Comesaña Davila
 - Jose Carlos Vázquez Miguez
 - Jose María Raposo Aguiar
 - Ricardo Soler Vidal

Rematado o proceso selectivo, e conforme as actas asinadas polos Secretarios e resto do compoñentes presentes dos Órganos de Selección nas que se contén a relación de membros do referido órgano de selección xunto ao persoal técnico-administrativo que colaborou na realización das probas selectivas e co resumo que se achega no anexo I.

A vista do exposto, de conformidade con previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e, as actas dos Secretarios dos órganos de selección encargados de xulgar as probas selección para a selección de persoas beneficiarias do "PROGRAMA DE EMPREGO "VIGO EMPREGA"", que ten como obxectivo facilitar a inserción laboral de colectivos con dificultades, e que foron publicadas na páxina web municipal o no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello, as competencias recollidas no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 18 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en canto ao réxime dos municipios de grande poboación, e o acordo da Xunta de Goberno Local de data 19/06/2015, de delegación de competencias en materia de persoal e, a Resolución da Alcaldía de 19/06/2016, sométese a consideración do concelleiro-delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos o seguinte:

- O gasto necesario para proceder ao abono das *asistencias realizadas de participación en tribunais de selección de personal, na cuantía establecida no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo, no seu anexo IV Asistencias por participación en tribunais de oposición ou concurso ou outros órganos encargados de persoal. son de 3.203,76 € (2.506,08 € de compoñentes de*

tribunais e 697,68 € de Asesores Técnicos), que se executará con cargo a aplicación orzamentaria **241.0.233.00.00** de “Dietas tribunais”.

- Os perceptores das asistencias aos tribunais de selección e *persoas beneficiarias do “PROGRAMA DE EMPREGO “VIGO EMPREGA”*”, son os que deseguido se relacionan e, polo concepto que se expresa:

Tribunais:

Posto	Nome e apelidos	Categoría 2ª Capataces	Categoría 3ª Oficiais Auxiliares, Peóns	Categoría 2ª	Categoría 3ª	TOTAL
Presidente						
Presidente	Alfonso Berros Pérez		5		198,90 €	198,90 €
Presidente	Francisco J. Gutiérrez Orúe		4		159,12 €	159,12 €
Presidente	Alfonso Conde Rodríguez	3		128,49 €		128,49 €
Secretario/a						
Secretario/a	Lucio Varela Borreguero	1		42,83 €		42,83 €
Secretario/a	Purificación Bernárdez Martínez	2	2	85,66 €	79,56 €	165,22 €
Secretario/a	Lucía Trillo Martín-Pinillos		7		278,46 €	278,46 €
Vogais						
Vogal	Roberto de la Iglesia Fernández		2		73,44 €	73,44 €
Vogal	Jose María Raposo Aguiar		2		73,44 €	73,44 €
Vogal	Ricardo Soler Vidal		2		73,44 €	73,44 €
Vogal	Rosa Nuñez García		1		36,72 €	36,72 €
Vogal	Iolanda Alonso Regueiro		1		36,72 €	36,72 €
Vogal	Francisco José García Soto		7		257,04 €	257,04 €
Vogal	Concepción Cousiño Sendín		1		36,72 €	36,72 €
Vogal	Jose Antonio González Seijo		4		146,88 €	146,88 €
Vogal	Javier Bea Puentes	3		119,34 €		119,34 €
Vogal	Jose Antonio Comesaña Davila		6		220,32 €	220,32 €
Vogal	Guillermo Lorenzo Carrera		5		183,60 €	183,60 €
Vogal	Roberto Mariño Sanromán	3		119,34 €		119,34 €
Vogal	Enrique Alonso Rodríguez		1		36,72 €	36,72 €
Vogal	Jose Ramón Seijas Álvarez	3		119,34 €		119,34 €

O importe toal dietas tribunais, supón a cantidade de 2.420,42 €

Asesores técnicos:

Asesores técnicos						
Asesor Técnico	Carlos Juncal Gil		4		146,88 €	146,88 €

Asesor Técnico	Xosé Antonio Muiños Acuña		5		183,60 €	183,60 €
Asesor Técnico	Jesús Saavedra Rodríguez		1		36,72 €	36,72 €
Asesor Técnico	Eugenio Caamaño Gestido		1		36,72 €	36,72 €
Asesor Técnico	Antonio Aperador Prieto		1		36,72 €	36,72 €
Asesor Técnico	Alfonso Conde Rodríguez		1		36,72 €	36,72 €
Asesor Técnico	Eugenio Falque Fontán		1		36,72 €	36,72 €
Asesor Técnico	Juan Martínez García		1		36,72 €	36,72 €
Asesor Técnico	Manuel Alonso Areses		1		36,72 €	36,72 €
Asesor Técnico	Miguel Angel Fernández González		1		36,72 €	36,72 €
Asesor Técnico	Angel Posada Oitabén		1		36,72 €	36,72 €
Asesor Técnico	Jose Manuel Vila Bastos		1		36,72 €	36,72 €

O importe total dietas dos/as asesores técnicos dos tribunais, supón a cantidade de 697,68 €

Polo anteriormente exposto se somete á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Comprometer o gasto de 3.203,76 €, con cargo a aplicación orzamentaria 241.0.233.00.00 de "Dietas tribunais".
2. Abonar as cantidades que se indican a continuación aos preceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto de asistencias aos tribunais de selección de 94 traballadores do "PROGRAMA DE EMPREGO "VIGO EMPREGA", 2ª quenda do 2017.

Tribunais de selección:

Posto	Nome e apelidos	Categoría 2ª Capata- ces	Categoría 3ª Oficiais Auxiliares, Peóns	Categoría 2ª	Categoría 3ª	TOTAL
	Presidente					
Presidente	Alfonso Berros Pérez		5		198,90 €	198,90 €
Presidente	Francisco J. Gutiérrez Orúe		4		159,12 €	159,12 €
Presidente	Alfonso Conde Rodríguez	3		128,49 €		128,49 €
	Secretario/a					
Secretario/a	Lucio Varela Borreguero	1		42,83 €		42,83 €
Secretario/a	Purificación Bernárdez Martínez	2	2	85,66 €	79,56 €	165,22 €
Secretario/a	Lucía Trillo Martín-Pinillos		7		278,46 €	278,46 €
	Vogais					
Vogal	Roberto de la Iglesia Fernández		2		73,44 €	73,44 €
Vogal	Jose María Raposo Aguiar		2		73,44 €	73,44 €
Vogal	Ricardo Soler Vidal		2		73,44 €	73,44 €
Vogal	Rosa Nuñez García		1		36,72 €	36,72 €
Vogal	Iolanda Alonso Regueiro		1		36,72 €	36,72 €
Vogal	Francisco José García Soto		7		257,04 €	257,04 €

Vogal	Concepción Cousiño Sendín		1		36,72 €	36,72 €
Vogal	Jose Antonio González Seijo		4		146,88 €	146,88 €
Vogal	Javier Bea Puentes	3			119,34 €	119,34 €
Vogal	Jose Antonio Comesaña Davila		6		220,32 €	220,32 €
Vogal	Guillermo Lorenzo Carrera		5		183,60 €	183,60 €
Vogal	Roberto Mariño Sanromán	3			119,34 €	119,34 €
Vogal	Enrique Alonso Rodríguez		1		36,72 €	36,72 €
Vogal	Jose Ramón Seijas Álvarez	3			119,34 €	119,34 €

Asesores técnicos:

	Asesores técnicos					
Asesor Técnico	Carlos Juncal Gil		4		146,88 €	146,88 €
Asesor Técnico	Xosé Antonio Muiños Acuña		5		183,60 €	183,60 €
Asesor Técnico	Jesús Saavedra Rodríguez		1		36,72 €	36,72 €
Asesor Técnico	Eugenio Caamaño Gestido		1		36,72 €	36,72 €
Asesor Técnico	Antonio Aperador Prieto		1		36,72 €	36,72 €
Asesor Técnico	Alfonso Conde Rodríguez		1		36,72 €	36,72 €
Asesor Técnico	Eugenio Falque Fontán		1		36,72 €	36,72 €
Asesor Técnico	Juan Martínez García		1		36,72 €	36,72 €
Asesor Técnico	Manuel Alonso Areses		1		36,72 €	36,72 €
Asesor Técnico	Miguel Angel Fernández González		1		36,72 €	36,72 €
Asesor Técnico	Angel Posada Oitabén		1		36,72 €	36,72 €
Asesor Técnico	Jose Manuel Vila Bastos		1		36,72 €	36,72 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1027).- DIETAS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DA BOLSA DE EMPREGO DE ENXEÑEIROS/AS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS 2016-2017. EXPTE. 30582/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19/09/17, dáse conta do informe-proposta do 28/09/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 11/12/2015, aprobou as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no art. 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público

(TREBEP), como Enxeñeiros/as de Camiños, Canais e Portos. Ditas bases reitoras foron obxecto de fiscalización previa tal e como se desprende do expediente 27059/220 e cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Na base VII da convocatoria establecíase que os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

Rematado o proceso selectivo, a Secretaria do Órgano de Selección remitiu a esta Área de Recursos Humanos e Formación certificación contendo a relación de membros do referido órgano de selección xunto ao persoal técnico-administrativo que colaborou na realización das probas selectivas.

A referida certificación importa un total de 1.364,45 €, debéndose aplicar con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, segundo relación seguinte:

D^a. María Luisa Sobrino del Río, presidenta titular (nº persoal 24070), con DNI nº **.***.227-P, seis asistencias de 45,89 € cada unha, importa un total de 275,34 €.

D^a. Blanca Ana Roig Sánchez, secretaria titular, con DNI nº **.***.406-G, seis asistencias de 45,89 € cada unha, importa un total de 275,34€.

D. Agustín Rodríguez Carballo, vogal (nº persoal 77170), con DNI nº **.***.050-B, tres asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 128,49 €.

D. Aurelio Adán Fernández, vogal (nº persoal 22438), con DNI nº **.***.158-J, tres asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 128,49 €.

D^a. Carmen Gómez Manzano, vogal con DNI nº **.***.410-W, cinco asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 214,15 €.

D^a María Cristina Chao Polo, vogal con DNI nº **.***.450-K, seis asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 256,98 €.

D. Luis Iglesias Rejas, asesoramento especial (nº persoal 22390), con DNI nº **.***.674-M, dúas asistencia de 42,83 € cada unha, importa un total de 85,66 €.

Á vista de todo o exposto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a certificación da Secretaria do Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas para a formación dunha Bolsa de Emprego que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como Enxeñeiros/as de Camiños, Canais e Portos, publicada no BOP de Pontevedra nº 6, de 12 de xaneiro de 2016, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal coa mesma data, e as competencias recollidas no artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“Compromete-lo gasto de 1.364,45 €, con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, recoñecer a obriga e declara-lo abono das cantidades que se indican a continuación aos perceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto que se expresa:

D^a. María Luisa Sobrino del Río, presidenta titular (nº persoal 24070), con DNI nº **.***.227-P, seis asistencias de 45,89 € cada unha, importa un total de 275,34 €.

D^a. Blanca Ana Roig Sánchez, secretaria titular, con DNI nº **.***.406-G, seis asistencias de 45,89 € cada unha, importa un total de 275,34€.

D. Agustín Rodríguez Carballo, vogal (nº persoal 77170), con DNI nº **.***.050-B, tres asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 128,49 €.

D. Aurelio Adán Fernández, vogal (nº persoal 22438), con DNI nº **.***.158-J, tres asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 128,49 €.

D^a. Carmen Gómez Manzano, vogal con DNI nº **.***.410-W, cinco asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 214,15 €.

D^a María Cristina Chao Polo, vogal con DNI nº **.***.450-K, seis asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 256,98 €.

D. Luis Iglesias Rejas, asesoramento especial (nº persoal 22390), con DNI nº **.***.674-M, dúas asistencia de 42,83 € cada unha, importa un total de 85,66 €.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1028).- DIETAS DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DA BOLSA DE EMPREGO DE OPERADORES/AS INFORMÁTICOS/AS 2017. EXPTE. 30586/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19/09/17, dáse conta do informe-proposta do 28/09/17, asinado polo técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 23/03/2017, aprobou as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no art. 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), como Operadores/as Informáticos/as. Ditas bases reitoras foron obxecto de fiscalización previa tal e como se desprende do expediente 27845/220 e cuxo informe de fiscalización se xunta ao expediente.

Na base VII da convocatoria establecíase que os membros do órgano de selección, os asesores que se poidan designar por aquel e que asistan de xeito efectivo ás sesións do proceso selectivo, xunto co persoal técnico administrativo asistente, percibirán axudas de custo por asistencia na contía legalmente establecida, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, de Indemnizacións por razóns do servizo.

Rematado o proceso selectivo, a Secretaria do Órgano de Selección remitiu a esta Área de Recursos Humanos e Formación certificación contendo a relación de membros do referido órgano de selección xunto ao persoal técnico-administrativo que colaborou na realización das probas selectivas.

A referida certificación importa un total de 1.349,34 €, debéndose aplicar con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, segundo relación seguinte:

D. José Francisco Mourelle González, presidente (nº persoal 78151), con DNI nº **.***.958-B, seis asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 256,98 €.

D^a. Mónica Domínguez Estévez, secretaria, con DNI nº **.***.814-A, seis asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 256,98 €.

D^a María Pilar Alonso Cacheiro, vogal, (nº de persoal 78150), con DNI nº **.***.004-C, seis asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 238,68 €.

D. Miguel Amor Río, vogal (nº persoal 80892), con DNI nº **.***.429-V, seis asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 238,38 €.

D. Gumersindo Vázquez Pedrido, vogal (nº persoal 15680), con DNI nº 36.051.268-X, cinco asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 198,90 €.

D. Francisco Manuel Espiñeira Álvarez, vogal (nº persoal 80613), con DNI nº **.***.873-D, unha asistencia de 39,78 €.

D^a Mónica Caramés Vázquez, asistencia técnico-administrativa (nº persoal 82190), DNI nº **.***.363-Y, dúas asistencias de 39,78 €, importan un total de 79,56 €.

D. Luis Iglesias Rejas, asesoramento especial (nº persoal 22390), con DNI nº **.***.674-M, unha asistencia de 39,78 €.

Á vista de todo o exposto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo e a certificación da Secretaria do Órgano de Selección encargado de xulgar as probas selectivas para a formación dunha Bolsa de Emprego que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como Operadores/as Informáticos/as, publicada no BOP de Pontevedra nº 64, de 31 de marzo de 2017, no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web municipal coa mesma data, e as competencias recollidas no artigo 127.1. h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, de 27 de decembro, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

“Compromete-lo gasto de 1.349,34 €, con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.233.00.00-Dietas Tribunais, recoñecer a obriga e declara-lo abono das cantidades que se indican a continuación aos perceptores que así mesmo se relacionan, polo concepto que se expresa:

D. José Francisco Mourelle González, presidente (nº persoal 78151), con DNI nº **.***.958-B, seis asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 256,98 €.

Dª. Mónica Domínguez Estévez, secretaria, con DNI nº **.***.814-A, seis asistencias de 42,83 € cada unha, importa un total de 256,98 €.

Dª María Pilar Alonso Cacheiro, vogal, (nº de persoal 78150), con DNI nº **.***.004-C, seis asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 238,68 €.

D. Miguel Amor Río, vogal (nº persoal 80892), con DNI nº **.***.429-V, seis asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 238,38 €.

D. Gumersindo Vázquez Pedrido, vogal (nº persoal 15680), con DNI nº 36.051.268-X, cinco asistencias de 39,78 € cada unha, importa un total de 198,90 €.

D. Francisco Manuel Espiñeira Álvarez, vogal (nº persoal 80613), con DNI nº **.***.873-D, unha asistencia de 39,78 €.

FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	ENRIQUE F.	COUSO	SUAREZ	Temporal Funcionario	OFICIAL SEPULTURERO	17/02/17	16/08/17
LABORAIS	ISABEL	COMESAÑA	FERNANDEZ	Temporal laboral	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPALES	6/05/08	31/01/12

RPT-RELACIÓ	NOMBRE	APELLIDO 1	APELLIDO 2	ADSCRIPCIÓN	DENOMINACIÓN PUESTO	INICIO	FIN
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	ISABEL	COMESAÑA	FERNANDEZ	Temporal Funcionario	PEON TRABAJOS EXTERIORS	14/05/12	13/11/12
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	ISABEL	COMESAÑA	FERNANDEZ	Temporal Funcionario	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPALES	4/11/13	3/05/14
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	ISABEL	COMESAÑA	FERNANDEZ	Temporal Funcionario	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPALES	12/11/14	11/05/15
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	ISABEL	COMESAÑA	FERNANDEZ	Temporal Funcionario	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPALES	1/12/15	31/05/16
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	ISABEL	COMESAÑA	FERNANDEZ	Temporal Funcionario	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPALES	9/01/17	8/07/17
LABORAL	ISABEL	COMESAÑA	FERNANDEZ	TEMPORAL LABORAL	AXUDANTE OFICIOS	6/05/08	31/01/12
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	JOSE SALVADOR	SANMARTIN	LAGO	Temporal Funcionario	PEON TRABAJOS EXTERIORS	6/05/13	5/11/13
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	JOSE SALVADOR	SANMARTIN	LAGO	Temporal Funcionario	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPALES	22/05/15	21/11/15
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	JOSE SALVADOR	SANMARTIN	LAGO	Temporal Funcionario	AXUDANTE DE OFICIOS	23/06/16	22/12/16
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	TAMARA	PEREZ	TIZON	Temporal Funcionario	PEON TRABAJOS EXTERIORS	10/06/14	9/12/14
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	TAMARA	PEREZ	TIZON	Temporal Funcionario	PEON TRABAJOS EXTERIORS	1/07/15	31/12/15
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	TAMARA	PEREZ	TIZON	Temporal Funcionario	AXUDANTE DE OFICIOS	26/09/16	25/03/17
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	ROBERTO	RIVEIRO	MONTES	Temporal Funcionario	PEON TRABAJOS EXTERIORS	6/05/13	5/11/13
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	ROBERTO	RIVEIRO	MONTES	Temporal Funcionario	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPALES	24/03/15	23/09/15

RPT-RELACIÓ	NOMBRE	APELLIDO 1	APELLIDO 2	ADSCRIPCIÓN	DENOMINACIÓN PUESTO	INICIO	FIN
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	ROBERTO	RIVEIRO	MONTES	Temporal Funcionario	AXUDANTE DE OFICIOS	23/06/16	22/12/16
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	ARTURO	MERA	AIRA	Temporal Funcionario	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPALES	16/04/12	15/10/12
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	ARTURO	MERA	AIRA	Temporal Funcionario	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPALES	22/04/13	21/10/13
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	ARTURO	MERA	AIRA	Temporal Funcionario	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPALES	12/05/14	11/11/14
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	ARTURO	MERA	AIRA	Temporal Funcionario	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPALES	22/05/15	21/11/15
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	ARTURO	MERA	AIRA	Temporal Funcionario	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPALES	22/06/16	21/12/16
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	ARTURO	MERA	AIRA	Temporal Funcionario	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPALES	28/07/17	27/01/18
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	PABLO	DIAZ	ALVAREZ	Temporal Funcionario	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPALES	18/10/12	17/04/13
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	PABLO	DIAZ	ALVAREZ	Temporal Funcionario	ORDENANZA PORTEIRO	7/01/14	6/07/14
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	PABLO	DIAZ	ALVAREZ	Temporal Funcionario	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPALES	15/09/14	14/03/15
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	PABLO	DIAZ	ALVAREZ	Temporal Funcionario	ORDENANZA PORTEIRO	18/05/15	17/11/15
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	PABLO	DIAZ	ALVAREZ	Temporal Funcionario	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPALES	1/12/15	24/05/16
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	PABLO	DIAZ	ALVAREZ	Temporal Funcionario	AXUDANTE MANTENIMIENTO - IMD	25/05/17	24/11/17

RPT-RELACIÓ	NOMBRE	APELLIDO 1	APELLIDO 2	ADSCRIPCIÓN	DENOMINACIÓN PUESTO	INICIO	FIN
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	JESUS	VELOSO	COSTAS	Temporal Funcionario	AXUDANTE DE OFICIOS	6/05/13	5/11/13
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	JESUS	VELOSO	COSTAS	Temporal Funcionario	AXUDANTE DE OFICIOS	21/05/14	20/11/14
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	JESUS	VELOSO	COSTAS	Temporal Funcionario	PEON TRABAJOS EXTERIORES	1/07/15	31/12/15
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	JESUS	VELOSO	COSTAS	Temporal Funcionario	OFICIAL PAVIMENTADOR/A	20/06/16	19/12/16
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	JESUS	VELOSO	COSTAS	Temporal Funcionario	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPALES	9/01/17	8/07/17
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	JESUS	VELOSO	COSTAS	Temporal Funcionario	OFICIAL PAVIMENTADOR/A	7/08/17	6/02/18
LABORAIS	PURIFICACION	BASTOS	VILLAR	Temporal laboral	AXUDANTE OFICIOS	9/12/08	31/01/12
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	PURIFICACION	BASTOS	VILLAR	Temporal Funcionario	OFICIAL XARDINEIRO/A	14/05/12	13/11/12
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	PURIFICACION	BASTOS	VILLAR	Temporal Funcionario	OFICIAL XARDINEIRO/A	14/05/13	13/11/13
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	PURIFICACION	BASTOS	VILLAR	Temporal Funcionario	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPALES	10/02/14	9/08/14
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	PURIFICACION	BASTOS	VILLAR	Temporal Funcionario	AXUDANTE DE OFICIOS	2/03/15	1/09/15
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	PURIFICACION	BASTOS	VILLAR	Temporal Funcionario	OFICIAL XARDINEIRO/A	23/06/16	22/12/16
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	PURIFICACION	BASTOS	VILLAR	Temporal Funcionario	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPALES	9/01/17	8/07/17
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	PURIFICACION	BASTOS	VILLAR	Temporal Funcionario	OFICIAL XARDINEIRO/A	1/08/17	31/01/18
LABORAL	PURIFICACION	BASTOS	VILLAR	TEMPORAL LABORAL	AXUDANTE OFICIOS	9/12/08	31/01/12

RPT-RELACION	NOMBRE	APELLIDO 1	APELLIDO 2	ADSCRIPCION	DENOMINACION PUESTO	INICIO	FIN
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	FRANCISCO	ARROYO	MUÑOZ	Temporal Funcionario	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPALES	16/04/12	15/10/12
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	FRANCISCO	ARROYO	MUÑOZ	Temporal Funcionario	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPALES	22/04/13	21/10/13
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	FRANCISCO	ARROYO	MUÑOZ	Temporal Funcionario	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPALES	12/05/14	11/11/14
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	FRANCISCO	ARROYO	MUÑOZ	Temporal Funcionario	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPALES	22/05/15	21/11/15
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	FRANCISCO	ARROYO	MUÑOZ	Temporal Funcionario	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPALES	22/06/16	21/12/16
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	FRANCISCO	ARROYO	MUÑOZ	Temporal Funcionario	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPALES	28/07/17	27/01/18
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	ALFREDO B.	CASTRO	DUARTE	Temporal Funcionario	PEON TRABAJOS EXTERIORES	20/08/12	19/02/13
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	ALFREDO B.	CASTRO	DUARTE	Temporal Funcionario	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPALES	4/11/13	3/05/14
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	ALFREDO B.	CASTRO	DUARTE	Temporal Funcionario	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPALES	12/11/14	11/05/15
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	ALFREDO B.	CASTRO	DUARTE	Temporal Funcionario	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPALES	1/12/15	31/05/16
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	ALFREDO B.	CASTRO	DUARTE	Temporal Funcionario	OFICIAL INSTALACIONES MUNICIPALES	22/06/16	21/12/16
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	ALFREDO B.	CASTRO	DUARTE	Temporal Funcionario	VIXIANTE INSTALACIONES MUNICIPALES	9/01/17	8/07/17
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	ALFREDO B.	CASTRO	DUARTE	Temporal Funcionario	OFICIAL INSTALACIONES MUNICIPALES	28/07/17	27/01/18

RPT-RELACION	NOMBRE	APELLIDO 1	APELLIDO 2	ADSCRIPCION	DENOMINACION PUESTO	INICIO	FIN
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	MARIA JESUS	DAVILA	MOLDES	Temporal Funcionario	ORDENANZA PORTEIRO	21/12/12	20/06/13
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	MARIA JESUS	DAVILA	MOLDES	Temporal Funcionario	ORDENANZA PORTEIRO	23/06/14	22/12/14
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	MARIA JESUS	DAVILA	MOLDES	Temporal Funcionario	ORDENANZA PORTEIRO	2/07/15	1/01/16
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	MARIA JESUS	DAVILA	MOLDES	Temporal Funcionario	ORDENANZA PORTEIRO	21/07/16	20/01/17
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	GUILLERMO J.	CAMESE-LLE	ABALDE	Temporal Funcionario	ORDENANZA PORTEIRO	2/01/13	1/07/13
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	GUILLERMO J.	CAMESE-LLE	ABALDE	Temporal Funcionario	ORDENANZA PORTEIRO	23/06/14	22/12/14
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	GUILLERMO J.	CAMESE-LLE	ABALDE	Temporal Funcionario	ORDENANZA PORTEIRO	2/07/15	1/01/16
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	GUILLERMO J.	CAMESE-LLE	ABALDE	Temporal Funcionario	ORDENANZA PORTEIRO	13/09/16	12/03/17
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	ALBERTO	COSTAS	VILLAR	Temporal Funcionario	OFICIAL SEPULTUREIRO	25/03/13	24/09/13
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	ALBERTO	COSTAS	VILLAR	Temporal Funcionario	OFICIAL SEPULTUREIRO	10/11/14	9/05/15
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	ALBERTO	COSTAS	VILLAR	Temporal Funcionario	OFICIAL SEPULTUREIRO	7/12/15	6/06/16
FUNC. INTERINOS ACU. TAREFAS	ALBERTO	COSTAS	VILLAR	Temporal Funcionario	OFICIAL SEPULTUREIRO	17/02/17	16/08/17

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TR da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

- RDL 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o TR do Estatuto dos Traballadores.
- RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o TR de réxime local.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, del emprego público de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1.- Os interesados manifiestan que levan prestando servizos a este concello por medio de contratos eventuais por acumulación de tarefas en distintos períodos de tempo, en base ó cal solicitan as indemnizacións que procedan pola finalización dos nomeamentos como funcionarios interinos, elo en aplicación da Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea de 14 de setembro de 2016.

En primeiro lugar é preciso facer algunhas consideracións previas: as administracións locais teñen ante si o seguinte marco normativo a ter en conta cando se trata de incorporar novo persoal que puidera ser necesario para manter os servizos públicos que se prestan. Xa o EBEP de 2007 instituíu catro fórmulas de funcionario interino, que partindo das clásicas existentes (interino en praza vacante e interino por substitución de funcionario) se amplían en dous máis, e que en gran parte atopa o seu orixe nas fórmulas de temporalidade laboral: o funcionario interino para a execución de programas de carácter temporal (art. 10.1.c)), que garda gran equivalencia, aínda que non total, co contrato de obra e servizo do artigo 15.1 do ET, e o funcionario interino incorporado á Administración ante un exceso o acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (art.10.1.d), casi idéntico o contrato eventual tamén regulado no art.15.1.b del ET.

Con este dobre marxe (laboralidade temporal e funcionarios interinos o EBEP constrúe o marco da posible incorporación de empregados públicos non permanentes.

Así o artigo 8 do TREBEP, clasifica os empregados públicos como funcionarios de carreira; funcionarios interinos; persoal laboral, xa sea fixo, por tempo indefinido ou temporal; e persoal eventual.

Con respecto os funcionarios interinos o artigo 10 do TREBEP establece dentro das clases de persoal ó servizo das Administracións Públicas que son funcionarios interinos *“los que, por razones expresamente justificadas de necesidad y urgencia, son nombrados como tales para el desempeño de funciones propias de funcionarios de carrera, cuando se dé alguna de las siguientes circunstancias:*

- a) *La existencia de plazas vacantes cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera.*
- b) *La sustitución transitoria de los titulares.*
- c) *La ejecución de programas de carácter temporal, que no podrán tener una duración superior a tres años, ampliable hasta doce meses más por las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo de este Estatuto.*
- d) *El exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un período de doce meses.*

El cese de los funcionarios interinos se producirá, además de por las causas previstas en el artículo 63, *cuando finalice la causa que dio lugar a su nombramiento...*

El personal interino cuya designación sea consecuencia de la ejecución de programas de carácter temporal o del exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un período de doce meses, podrá prestar los servicios que se le encomienden en la unidad administrativa en la que se produzca su nombramiento o en otras unidades administrativas en las que desempeñe funciones análogas, siempre que, respectivamente, dichas unidades participen en el ámbito de aplicación del citado programa de carácter temporal, con el límite de duración señalado en este artículo, o estén afectadas por la mencionada acumulación de tareas”

2.- Centrados xa na cuestión que nos ocupa, temos que o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, na súa Sentencia de data 14 de setembro de 2016, no asunto C-596/14, declara que, “1) La cláusula 4, apartado 1, del Acuerdo marco sobre el trabajo de duración determinada, celebrado el 18 de marzo de 1999, que figura en el anexo de la Directiva 1999/70/CE del Consejo, de 28 de junio de 1999, relativa al Acuerdo marco de la CES, la UNICE y el CEEP sobre el trabajo de duración determinada, debe interpretarse en el sentido de que el concepto de «condiciones de trabajo» incluye la indemnización que un empresario está obligado a abonar a un trabajador por razón de la finalización de su contrato de trabajo de duración determinada. 2) La cláusula 4 del Acuerdo marco sobre el trabajo de duración determinada, que figura en el anexo de la Directiva 1999/70, debe interpretarse en el sentido de que se opone a una normativa nacional, como la controvertida en el litigio principal, que deniega cualquier indemnización por finalización de contrato al trabajador con contrato de interinidad, mientras que permite la concesión de tal indemnización, en particular, a los trabajadores fijos comparables. El mero hecho de que este trabajador haya prestado sus servicios en virtud de un contrato de interinidad no puede constituir una razón objetiva que permita justificar la negativa a que dicho trabajador tenga derecho a la mencionada indemnización”.”

Sen embargo a nosa lexislación actual non contempla ningunha indemnización para os interinos ó finalizar o seu contrato. Si se prevé para os traballadores temporais (12 días por ano traballado), tal indemnización está recollida no artigo 49.1.c) “... Por expiración del tiempo convenido o realización de la obra o servicio objeto del contrato. A la finalización del contrato, excepto en los casos del contrato de interinidad y de los contratos formativos, el trabajador tendrá derecho a recibir una indemnización de cuantía equivalente a la parte proporcional de la cantidad que resultaría de abonar doce días de salario por cada año de servicio, o la establecida, en su caso, en la normativa específica que sea de aplicación.” Agora ben, cando son de aplicación algunha das causas concretamente tasadas, a cousa cambia, posto que si o interino e despedido por causas obxetivas, ten dereito a unha indemnización de 20 días por ano, e si o despido é improcedente, de 33 días por ano de servizo.

Temos que dicir que a Sentenza anteriormente referida, e outras ditadas xa no ámbito nacional na sala do social do Tribunal Superior de Xustiza do País Vasco, en principio so ten efectos xurídicos nos casos concretos planteados, éstos refírense a casos específicos, pero, ao menos de momento non son extrapolables ó resto dos traballadores, ademais é importante matizar que non aborda a situación dos funcionarios interinos, solo a dos empregados públicos interinos.

O que si parece necesario a partir da sentenza europea que nos ocupa, é a conveniencia de revisar a lexislación existente relativa o contrato de interinidade para adaptalo ós pronunciamentos europeos e acabar coa inseguridade xurídica existente. Sen embargo, sería oportuno agardar a novos pronunciamentos xudiciais que se esperan neste tema (Tribunal Supremo e novamento o Tribunal de Xustiza da Unión Europea), que concreten máis a cuestión e determinen si a indemnización que se da os temporais (12 días), debe

equipararse á que reciben os indefinidos por causas obxetivas (20 días), e se a dos interinos deberían equipararse entón a esta cuantía, pero todo elo aínda está por ver.

En atención ó exposto, entendo que debe deixarse aberta a formulación dunha proposta definitiva para máis adiante, ata que se pronuncien os Tribunais, xa que a Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, non reflexa con precisión a situación do ordenamento xurídico español, estando a cuestión “sub iudice” neste intre. Por elo o dar unha resposta agora, significaría dar unha solución que máis tarde podería ser contraditoria con futuras decisións xurisdicionais.

CONCLUSIÓNS

En base ao anteriormente exposto, non procede acceder ó solicitado:

1.- A Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea de data 14 de setembro de 2016, en principio so ten efectos xurídicos nos casos concretos planteados, éstos refírense a casos específicos, pero, ao menos de momento non son extrapolables ó resto dos traballadores.

2.- A Sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, non reflexa con precisión a situación do ordenamento xurídico español, estando a cuestión “sub iudice” neste intre.

RÉXIME COMPETENCIAL E PROPOSTA DE ACORDO

De conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para a xestión do persoal e para o exercicio daquelas competencias que en materia de persoal non estean expresamente atribuídas a outro órgano municipal.

Por tanto, e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal (Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015 e Acordo da XGL de 19/06/2015) elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Desestimar as solicitudes de indemnización por cese presentadas por D. TOMAS ALONSO VIDAL, con DNI nº ****038-S; D. JOSÉ FÉLIX PASTORIZA ROZAS, con DNI nº ****570 R; D. JULIO RODRÍGUEZ PRESAS, con DNI nº ****547 D; D. JAVIER VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, con DNI nº ****412 T; D. CARLOS GARCÍA VELOSO, con DNI nº ****888 K; DÑA. MARÍA TERESA QUINTEIRO DOMÍNGUEZ, con DNI nº ****920 N; D. MIGUEL SAÚL SANMARTÍN BARREIRO, con DNI nº ****684 T; D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, con DNI nº ****425 T; D. JOSÉ MANUEL LAGO GUERRA, con DNI nº ****048 B; D. RAÚL VILA IBAÑEZ, con DNI nº ****876 D; DÑA. MARÍA JESÚS FOUZ ARES, con DNI nº ****869 Q; DÑA LEONOR MARÍA BARRIO MARTÍNEZ, con DNI nº ****088 W; D. RAMÓN FERNÁNDEZ GARCÍA, con DNI nº ****838 Y; D. ENRIQUE FERNANDO COUSO SUÁREZ, con DNI nº ****235 N; DÑA. ISABEL COMESAÑA FERNÁNDEZ, con DNI ****485 D; D. JOSÉ SALVADOR SANMARTÍN LAGO, con DNI nº ****167 G; DÑA. TAMARA PÉREZ TIZÓN, con DNI nº ****959 Y; D. ROBERTO RIVEIRO MONTES, con DNI nº ****198 V; D. ARTURO MERA AIRA, con DNI nº ****670 Q; D. PABLO DÍAZ ÁLVAREZ, con DNI nº ****763 C; D. JESÚS COSTAS VELOSO, con DNI nº

*****100 W; DÑA. PURIFICACIÓN BASTOS VILLAR, con DNI nº *****578 B; D. FRANCISCO ARROYO MUÑOZ, con DNI nº *****360 W; D. ALFREDO CASTRO DUARTE, con DNI nº *****019 F; DÑA. MARÍA JESÚS DAVILA MOLDES, con DNI nº *****427 J; D. GUILLERMO JAVIER CAMESELLE ABALDE, con DNI nº ***** 845 M, y D. ALBERTO COSTAS VILLAR, con DNI nº ***** 172 S.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos solicitantes."

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1034).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DO PRÉSTAMO TEMPORAL DO SARTEGO MONOLÍTICO Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA PARA EXPOSICIÓN “PERGAMIÑO VINDEL. UN TESOIRO EN SETE CANTIGAS”. EXPTE. 6092/337.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 25/09/17, asinado polo director do Museo municipal Quiñones de León, o xefe do Servizo de Museos Municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o secretario de Admón. Municipal e o concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

Con data de 10 maio de 2017 recíbese no Museo municipal “Quiñones de León” escrito da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación universitaria da Xunta de Galicia, no que se informa da organización da exposición: **“Pergamiño Vindel. Un tesouro en sete cantigas”** que se celebrará na Sala de Exposicións temporais do Museo do Mar de Galicia entre outubro de 2017 e o marzo de 2018.

Nesta exposición amosarase o Pergamiño Vindel, orixinal de finais do século XIII, no que están documentadas as sete cantigas de amigo de Martín Códax. Así, preténdese evidenciar a relevancia da cultura galega na Idade Media e os íntimos vínculos de Galicia con Europa.

Para esta exposición a organización ven de incluír o sartego monolítico de forma trapezoidal con tampa en estola e cruz pseudogrega, aparecido na remodelación dunha vivenda na viquesa rúa Real esquina coa concatedral da cidade, e que foi depositado no museo municipal “Quiñones de León”

O sartego medieval solicitado en préstamo temporal pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Xunta de Galicia é o que segue:

- **Obxecto:** Sartego monolítico de forma trapezoidal
- **Material/Técnica:** granito
- **Dimensións:** 200 x 90 cm.
- **Data:** s. XIII
- **Valor a efecto de seguro:** 80.000 euros

Achego ao escrito inclúese o formulario de préstamo así como o relatorio de condicións técnicas para exposicións do Museo do Mar de Galicia.

Estudado o *Facility Report* que establece as condicións climáticas, de iluminación e seguridade da sala onde terá lugar a exposición para a que se solicita o material arqueolóxico, enténdese que ésta contempla todas as condicións que se consideran suficientes para proceder ao préstamo.

DISPOSICIÓNS LEGAIS.

Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local
Regulamento de Bens das Entidades Locais.

RD 1372/1986, de 13 de xuño, de Regulamento de Bens das Entidades Locais.

O museo municipal “Quiñones de León” de Vigo foi declarado monumento histórico-artístico mediante decreto 474/1962 de 1 de marzo; e conseguintemente, coas súas coleccións, contan coa declaración de Ben de Interese Cultural (BIC) mediante Resolucións de 10 e 19 de abril de 1991 da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Xunta de Galicia.

Segundo establece o artigo 64.1 da Lei 5/2016, de 4 de maio do Patrimonio Cultural de Galicia -DOG núm 92, de 16 de maio de 2016- “ O traslado de bens mobles declarados de interese cultural (BIC) deberá ser autorizado pola consellería competente en materia de patrimonio cultural e anotado no Rexistro de Bens de Interese Cultural. Indicarase a súa orixe e destino, o carácter temporal ou definitivo do traslado e as condicións de conservación, seguridade, transporte e, no seu caso, aseguramento”.

Vistos os antecedentes e dado o interese cultural da exposición así como a oportunidade para a divulgación do patrimonio artístico da colección de arqueoloxía do Museo municipal “Quiñones de León”, a dirección deste museo propón á **Xunta de Goberno Local:**

1.- “Autorizar o préstamo temporal do sartego medieval solicitado

- **Obxecto:** Sartego monolítico de forma trapezoidal
- **Material/Técnica:** granito
- **Dimensións:** 200 x 90 cm.
- **Data:** s. XIII
- **Valor a efecto de seguro:** 80.000 euros

á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para a exposición “**Pergamiño Vindel. Un tesouro en sete cantigas**” que se celebrará na Sala de

Exposicións temporais do Museo do Mar de Galicia entre outubro de 2017 e marzo de 2018, segundo as condicións xerais que se achegan ao expediente.

2.- “En todo caso, o préstamo queda condicionado á aceptación, por parte do Museo do Mar de Galicia das condicións xerais de préstamo que se achegan ao expediente, así como á resolución favorable da saída do material arqueolóxico por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1035).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS DO EXOTARIUM E BOLBORETARIO NO SERVIZO DE VIGOZOO. EXPTE. 8434/612.

Visto o informe xurídico do 07/08/17 e o informe de fiscalización do 25/09/17, dáse conta do informe-proposta do 13/09/17, asinado polo director de Réxime Interior-Vigo Zoo, conformado pola concelleira-delegada de Medio Ambiente e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

Con data 4 de abril do presente ano, se informa da necesidade de iniciar expediente de licitación para a contratación do servizo de xestión integral do Exotarium e bolboretario no servizo de VigoZoo que se ven prestando a través da modalidade de Contrato Menor.

A xustificación do inicio do mesmo ven dado que o procedemento levado con anterioridade para a mesma contratación (Expdte. 7172-612) se declarou deserto por terse retirado a oferta do licitador clasificado en primeiro lugar e ser éste o único licitador admitido, segundo acordo da XGL de 23 de marzo de 2017.

Esta contratación, a través de licitación, supón cubrir debidamente as necesidades do servizo coa consecución dos máximos niveis de mantemento das actuais instalacións, o deseño e asesoramento de novas propostas para a renovación parcial ou integral das mesmas e a proposta de novas especies e individuos a introducir na colección de fauna dentro destas instalacións.

Ademais do anterior, a través do contrato de referencia se regulará a prestación do servizo por parte do adxudicatario do contrato do servizo de mantemento e xestión integral das instalacións seguintes:

- Recintos animais localizados no exotarium de Vigozoo.
- Zona de cociña do exotarium e cultivo de alimento vivo.
- Zona de reserva de réptiles.
- Zona de hospitalización adscrita á fauna existente das instalacións anteriores.

A finalidade última do contrato é a consecución dos máximos niveis de mantemento das actuais instalacións.

Como consecuencia do anterior, con data de 4 de abril de 2017, a Concelleira de Area de Medio Ambiente e Vida Saudable, da orde de inicio para que por parte do servizo de VigoZoo, se inicie o expediente para a contratación do servizo de xestión integral do Exotarium e instalacións anexas de VigoZoo.

No proceso licitador se seguirán os criterios establecidos polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP).

En vista do anterior dende este servizo se elabora memoria e prego de prescricións técnicas para dar traslado do expediente de referencia ao servizo de Patrimonio e Contratación para a elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares.

No expediente de contratación consta a seguinte documentación:

1. Informe sobre a necesidade do contrato asinado polo o Director de Réxime Interior – Zoo o 4 de abril de 2017.
2. Orde de inicio da Concelleira Delegada de Medio Ambiente para o inicio do expediente do 4 de abril de 2017.
3. Memoria xustificativa dos aspectos esixidos pola lexislación de contratos asinada polo Director de Réxime interior-Zoo e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente o 20 de xullo de 2017.
4. Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo Conservador do Zoo o 10 de xullo de 2017.
5. Informe emitido pola xefa do Servizo de Contratación sobre a comprobación documental do expediente asinado o 20 de xullo de 2017.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asinado pola xefa do Servizo de Contratación o 21 de xullo de 2017.
7. Informe xurídico emitido pola Asesora Xurídica Municipal de data 7 de agosto de 2017.

2.- Condicións definitorias do contrato:

a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato

O obxecto do contrato consiste, segundo o apartado 2A da FEC, a prestación do servizo de mantemento integral das instalacións de exotarium e bolboretario nas instalacións de VigoZoo.

b) Forma de tramitación e procedemento de adxudicación

A forma de tramitación do expediente é a ordinaria, regulada nos artigos 109 e 110 TRLCSP e o procedemento de adxudicación o aberto, en aplicación do artigo 157 do TRLCSP, polo que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

c) Orzamento e base de licitación

Sínálase o presuposto total do contrato (121.532,40 €), o importe do IVE a soportar pola Administración (21.092,40 €) e o valor estimado (167.400 €). A execución do contrato abrangue 3 anualidades (IVE incluído):

- ano 2017: 3.375,90 €
- ano 2018: 40.510,80 €
- ano 2019: 40.510,80 €
- ano 2020: 37.134,90 €

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 3371.227.99.01 “Servizo Reptilario”, onde será necesario utilizar crédito a nivel de bolsa de vinculación xa que non é suficiente o crédito dispoñible na partida.

A utilización de aproximadamente 3.000,00 € da bolsa de vinculación non supón alteración do financiamento do servizo xa que no actual orzamento do servizo 3371 “VigoZoo”, existen partidas que non terán disposición de fondos por ser competencia do Concello.

d) Xustificación da necesidade e idoneidade do contrato

En cumprimento do art. 22 da TRLCSP, a necesidade de facelo se xustifica polo mantemento de instalacións nas que se desenvolven actividades municipais relativas a ocupación do tempo libre. Os municipios ostentan competencias propias para promover a cultura e a ocupación do tempo libre, en virtude do disposto nos artigos 25.2.l e m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 80.2.m da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

Así mesmo, de acordo co mesmo art. 22, velarase pola eficiencia e o mantemento dos termos acordados na execución dos procesos de contratación pública, se favorecerá a axilización de trámites, se valorarán a innovación e a incorporación de alta tecnoloxía como aspectos positivos no procedemento de contratación e se promoverá a participación da pequena e mediana empresa e o acceso sen custo á información, nos termos previstos na TRLCSP.

Esta prestación de diversos servizos nas instalacións de VigoZoo poden encadarse na necesidade de satisfacer por parte da Administración o desenvolvemento das actividades municipais para promover a cultura e a ocupación do tempo libre nos locais en que se desenvolven actividades municipais.

e) Prazo de execución e prórrogas

O prazo de execución é de 3 anos, establecéndose dúas prórrogas dun ano de duración cada unha, en cumprimento do previsto no artigo 303.1 do TRLCSP.

f) Réxime de pagamentos

Prevese expresamente o réxime de pagamentos segundo o disposto no artigo 216 do TRLCSP, de xeito que se efectuará logo da presentación polo contratista, con carácter mensual, das correspondentes facturas, que serán conformadas polo responsable do

contrato. O importe total de cada factura será a cantidade anual dividida por 12 mensualidades.

g) Clasificación / Solvencia

A clasificación non é obrigatoria (art.65 do TRLCSP).

h) Persoal do contratista

O PCAP (cláusula 27) contempla que o persoal asignado ao contrato dependerá exclusivamente da empresa adxudicataria, quen terá todos os dereitos e obrigas inherentes á súa calidade de empregador respecto do mesmo, e recolle de forma expresa que non poderá producirse, coa extinción do contrato, a consolidación das persoas que realicen os traballos que constitúan o seu obxecto (artigo 301.4 do TRLCSP).

i) Responsable do contrato

O responsable do Contrato será o Conservador do Servizo de VigoZoo.

j) Seguro

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión de responsabilidade civil e danos por unha contía mínima de 300.000 € para cubrilas contingencias que se puideran producir derivadas da prestación do servizo, ademais da xeral contratada para actividade que desenrola.

3.- Criterios de adxudicación e ponderación

Na memoria xustificativa para a contratación deste servizo asinada o 20 de xullo de 2017 polo Director de Réxime Interior do Servizo VigoZoo e a Concelleira Delegada de Medio Ambiente se explican e motivan os criterios elixidos e a súa vinculación co obxecto do contrato.

No apartado 8 das FEC prevese a valoración de máis dun criterio, en cumprimento do artigo 150.3g) do TRLCSP: CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:

1.- Redución do prezo: ata 85 puntos.

2.- Bolsa de horas de prestación do servizo sen custe para o Concello, ata un máximo de 100 horas/ano: ata 15 puntos.

A fórmula para valorar estes criterios remítese á cláusula 15 e en canto aos criterios para a consideración das ofertas con valores anormais, tal e como se reflicte no apartado 8D das FEC, neste procedemento non se considerará que as ofertas poidan conter valores anormais ou desproporcionados.

En relación coas fórmulas, o TACRC, entre outras, na Resolución 906/201 considera que: *“Lo único que impone en este sentido el TRLCSP es que se concrete en el Pliego la fórmula*

elegida, que ésta atribuya una puntuación superior a la oferta más barata y menor a la más cara y que se guarde la adecuada proporción en la atribución de puntos a las intermedias”.

Sobre o concreto funcionamento das fórmulas establecidas nos pregos para valorar o prezo e respectar o antedito, remitímonos ao criterio máis especializado que puidese expresar a Intervención municipal.

4.- Revisión de prezos:

Non procede xa que se estima por parte deste servizo xestor que os prezos actuais manteranse sen grandes modificacións nos próximos anos.

PROPOSTA:

Por todo o exposto anteriormente propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente de acordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, previa incorporación pola Intervención Xeral do documento contable referido á existencia de crédito para o financiamento do servizo, que adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da prestación do servizo de xestión integral do Exotarium e bolboretario no servizo de VigoZoo

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Conservador de VigoZoo con data 10 de xullo de 2017 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 21 de xullo de 2017.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 121.532,40 €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración (21.092,40 €) e a anualidade máxima do 2017 será 3.375,90 €. A financiación do contrato de servizos será a cargo da partida 3371.227.99.01 “Servizo Reptilario”.

CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1036).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
M^a Isaura Abelairas Rodríguez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez